

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15027897	Paseo das Pontes	Coruña (A)	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
TCP	Téxtil, confección e pel	CSTCP01	Patronaxe e moda	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0284	Elaboración de prototipos	2023/2024	7	157	157

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARÍA ISABEL LEDO PAYO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O Real decreto 954/2008, do 6 de xuño, establece o título de Técnico Superior en Patronaxe e Moda e fixa as súas ensinanzas mínimas. (BOE 23/06/2008). O ciclo formativo de Patronaxe e Moda ten unha relevante importancia no contexto profesional actual xa que as empresas de confección da nosa contorna demandan patronistas cualificadas/os para levar a cabo as súas coleccións; así que é importante cubrir as necesidades do alumnado en cualificación, especialización e polivalencia para a súa inserción laboral.

O módulo en particular de Elaboración de prototipos, é de gran importancia dentro do ciclo formativo, xa que capacita ao alumnado para a realización de patróns de prototipos de prendas de vestir e artigos téxtiles, así como da súa organización e xestión técnica dos procesos produtivos de confección.

A colaboración e a relación entre as empresas e a formación profesional, en particular coas empresas dos sectores claves da economía galega, permite un maior aproveitamento dos recursos da nosa comunidade, favorece a inserción laboral das persoas tituladas de formación profesional, mellora a competitividade das empresas, e permite a cualificación e recualificación das persoas traballadoras, incluído a do profesorado de formación profesional, o que redonda nunha maior formación e cualificación nos futuros titulados de FP.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)	Resultados de aprendizaxe			
					28400			
					RA 1	RA 2	RA 3	RA 4
1	Deseño e análise do prototipo.	Elaborar fichas técnicas de deseño, de materiais e de análise do prototipo.	24	15	X			
2	Elaboración de prototipos. Patronaxe.	Patronaxe base e transformación dos prototipos.	37	24		X		
3	Elaboración de prototipos. Confección.	Confección e acabados do prototipo.	36	23		X		
4	Verificación e corrección de prototipos.	Probas dos prototipos, corrección dos patróns. Rexistro das medidas correctoras.	36	23				X
5	Control de calidade do prototipo.	Fichas de control de calidade e táboas de medidas da prenda terminada..	24	15			X	
			Total:	157				

4. Por cada unidade didáctica
4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Deseño e análise do prototipo.	24

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Define as fases para a obtención de prototipos e determina as operacións e os sistemas de confección.	SI

4.1.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Analizar o deseño técnico da peza ou do artigo.	1	Ficha de deseño	6,0
2.1 Identificar os materiais para a elaboración dos prototipos.	2	Ficha de materiais	6,0
3.1 Realizar as operacións de confección para a elaboración dos prototipos utilizando fichas técnicas (preparación, montaxe e acabados).	3	Operacións de preparación, montaxe e acabados do prototipo	12,0
3.2 Determinar as máquinas, os accesorios e as ferramentas en función do modelo e do material co que se vaia elaborar o prototipo.			
TOTAL			24

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.1 Analízase o deseño técnico da peza ou do artigo.	<ul style="list-style-type: none"> TO.1 - sobre a ficha técnica de deseño da peza ou do artigo 	S	30
CA1.2 Identifícanse os materiais para a elaboración dos prototipos.			0
CA1.2.1 Realízase unha proposta de tecidos para cada prototipo que se elaborou	<ul style="list-style-type: none"> LC.1 - sobre os tecidos empregados 	S	30

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA1.3 Realízase a listaxe de fases das operacións para a elaboración dos prototipos utilizando fichas técnicas.	<ul style="list-style-type: none"> TO.2 - sobre a lista de fases 	S	30
CA1.4 Determináronse as máquinas, os accesorios e as ferramentas en función do modelo e do material co que se vaia elaborar o prototipo.	<ul style="list-style-type: none"> LC.2 - sobre a confección da prenda 	N	10
TOTAL			100

4.1.e) Contidos

Contidos
Fases para a confección dos prototipos: do deseño ao debuxo dos patróns.
Identificación e análise de materiais que se vaian utilizar para a elaboración de prototipos.
Operacións e sistemas para a elaboración de prototipos.
Fichas técnicas de listaxes de fases das operacións para a elaboración dos prototipos.
Control de parámetros: documentación e fichas técnicas, análise do modelo e disposición de patróns.
Operacións e sistemas para a elaboración de prototipos.
Materiais, máquinas, accesorios e ferramentas.

4.1.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Ficha de deseño - Realízase unha ficha de deseño atendendo as características dadas polo profesor e tendo en conta a temporada e as tendencias do momento.	<ul style="list-style-type: none"> Explicación das fichas técnicas de deseño e das fases para a confección dos prototipos. 	<ul style="list-style-type: none"> Realización das fichas técnicas 	<ul style="list-style-type: none"> Ficha técnica de deseño 	<ul style="list-style-type: none"> Fichas técnicas de empresa (como exemplos), internet, revistas de moda e útiles de debuxo. 	<ul style="list-style-type: none"> TO.1 - sobre a ficha técnica de deseño da peza ou do artigo 	6,0
Ficha de materiais - Realízase unha ficha con todos os materiais necesarios para a	<ul style="list-style-type: none"> Explicación dos diferentes tecidos, avíos e fornituras 	<ul style="list-style-type: none"> Realización dun pequeno mostrario de tecidos e 	<ul style="list-style-type: none"> Ficha técnica de materiais e mostrario de tecidos. 	<ul style="list-style-type: none"> Apuntes relativos a tecidos, avíos e fornituras. Mostrars de tecidos, avíos e 	<ul style="list-style-type: none"> LC.1 - sobre os tecidos empregados 	6,0

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
elaboración do prototipo representado na ficha de deseño	necesarios para a elaboración de prototipos	elección do tecido para o seu prototipo • Elección dos avíos e fornitureas necesarios para o seu prototipo		fornitureas. Internet para búsqueda de información.		
Operacións de preparación, montaxe e acabados do prototipo - Realizaranse as operacións necesarias para a confección do prototipo deseñado, tendo en conta a maquinaria necesaria.	• Explicación da estrutura dunha lista de fases. Mostra de exemplos de listas de fases.	• Identificar e clasificar as operacións de confección necesarias para a obtención do prototipo.	• Lista de fases.	• Lista de fases de exemplo, ordenadores e útiles de debuxo. Fichas de tipos de costuras.	• LC.2 - sobre a confección da prenda • TO.2 - sobre a lista de fases	12,0
TOTAL						24,0

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Elaboración de prototipos. Patronaxe.	37

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Elabora prototipos verificando o axuste dos patróns no proceso de confección.	NO

4.2.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Obter o patrón tipo atendendo as liñas marcadas no deseño	1	Trazado dos patróns	21,0
2.1 Elaborar táboas de control das medidas dos prototipos.	2	Comprobación de medidas	8,0
2.2 Avaliar os prototipos en función das medidas previstas coa peza terminada.			
3.1 Listar as correccións dos prototipos para a súa rectificación nos patróns correspondentes.	3	Ficha de correccións	8,0

TOTAL	37
--------------	-----------

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA2.3 Elaboráronse táboas de control das medidas dos prototipos.	<ul style="list-style-type: none"> LC.1 - sobre as táboas de control das medidas dos prototipos. 	N	10
CA2.4 Avaliáronse os prototipos en función das medidas previstas coa peza terminada.	<ul style="list-style-type: none"> LC.2 - sobre as mediadas tomadas ós prototipos en función das medidas previstas coa peza terminada. 	N	10
CA2.6 Listáronse as correccións dos prototipos para a súa rectificación nos patróns correspondentes.	<ul style="list-style-type: none"> TO.1 - sobre as correccións dos prototipos e as rectificacións nos patróns correspondentes. 	S	40
CA2.7 Obtívose o patrón tipo atendendo ás liñas marcadas no deseño.	<ul style="list-style-type: none"> TO.2 - sobre o patrón tipo 	S	40
TOTAL			100

4.2.e) Contidos

Contidos
Información técnica. Especificacións técnicas e selección do procedemento. Clasificación dos patróns dun artigo. Indicouse cales son os patróns primarios, os secundarios e os auxiliares. Defectos de elaboración de prototipos. Rectificación de patróns. Criterios e procedementos para avaliar prototipos: fichas técnicas de control de calidade.

4.2.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Trazado dos patróns - Trazado dos patróns necesarios para a elaboración do prototipo a partir das medidas dx alumnx ou dun/dunha compañeirx	<ul style="list-style-type: none"> Guía ao alumnado na elección dos patróns base necesarios para a elaboración dos prototipos. Explicación das transformacións necesarias para a obtención do patrón tipo. 	<ul style="list-style-type: none"> Trazado do patrón base. Transformación do base e obtención do patrón tipo. 	<ul style="list-style-type: none"> Patrón base e patrón tipo. 	<ul style="list-style-type: none"> Normas de trazado dos patróns base, táboas de medidas, utensilios de debuxo e ferramentas para patronaxe. 	<ul style="list-style-type: none"> TO.2 - sobre o patrón tipo 	21,0
Comprobación de medidas - Realizarase unha táboa de medidas a partir do patrón que compararemos despois coas medidas da prenda acabada.	<ul style="list-style-type: none"> Mostra de exemplos de táboas de medidas de empresa. Explicación das liñas a medir sobre o patrón para a posterior elaboración das táboas de medidas. 	<ul style="list-style-type: none"> Identificación das liñas a medir sobre o patrón, obtención das medidas e realización da táboa de medidas. 	<ul style="list-style-type: none"> Táboas de medidas. 	<ul style="list-style-type: none"> Táboas de medidas de empresa, follas de cálculo, cinta métrica e útiles de escritura. 	<ul style="list-style-type: none"> LC.1 - sobre as táboas de control das medidas dos prototipos. LC.2 - sobre as mediadas tomadas ós prototipos en función das medidas previstas coa peza terminada. 	8,0
Ficha de correccións - Cubrirase unha ficha cas correccións necesarias para o axuste do patrón ó deseño ou ó corpo da persoa que o proba.	<ul style="list-style-type: none"> Explicación das correccións necesarias nos patróns segundo os erros identificados na proba. 	<ul style="list-style-type: none"> Corrección dos patróns. 	<ul style="list-style-type: none"> Patróns correxidos. 	<ul style="list-style-type: none"> Apuntamentos de composturas, ficha de probas, cinta métrica, utensilios de debuxo e patronaxe. 	<ul style="list-style-type: none"> TO.1 - sobre as correccións dos prototipos e as rectificacións nos patróns correspondentes. 	8,0
TOTAL						37,0

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Elaboración de prototipos. Confección.	36

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Elabora prototipos verificando o axuste dos patróns no proceso de confección.	NO

4.3.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Verificar os estudos do corte.	1	Realización da marcada	8,0
2.1 Obter o prototipo coas técnicas e operacións especificadas: puntadas e costuras de ensamblaxe, complementos e fornituras.	2	Confección do prototipo	20,0
3.1 Identificar os defectos de elaboración dos prototipos.	3	Avaliación do prototipo	8,0
TOTAL			36

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA2.1 Verifícanse os estudos do corte.			0
CA2.1.1 Elaborouse a marcada facendo o aproveitamento do tecido.	<ul style="list-style-type: none"> • TO.1 - sobre o tecido a empregar no prototipo 	S	20
CA2.2 Obtívese o prototipo coas técnicas e operacións especificadas: puntadas e costuras de ensamblaxe, complementos e fornituras.	<ul style="list-style-type: none"> • TO.2 - sobre a confección do prototipo 	S	40
CA2.5 Identifícanse os defectos de elaboración dos prototipos.	<ul style="list-style-type: none"> • TO.3 - sobre o prototipo confeccionado 	S	40
TOTAL			100

4.3.e) Contidos

Contidos
OSistemas de seguridade para a ensamblaxe de pezas. Aplicación das técnicas de acabado. Táboas ou fichas de control. Características xerais do proceso de confección.

Contidos
Preparación da marcaxe: distribución de patróns.
Estudos de corte.
Aplicación das técnicas de corte. O corte de materiais.
Sistemas de seguridade para o corte de materiais.
Aplicación das técnicas de confección. Elaboración do prototipo.
Prototipos para a confección de blusas, vestidos, pantalóns, chaquetas, abrigos, etc.

4.3.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Realización da marcada - Dispoñeranse os patróns no tecido ou en papel co fin de obter o máximo aproveitamento posible.	<ul style="list-style-type: none"> Indicacións para a correcta distribución dos patróns sobre o tecido co fin de obter o máximo aproveitamento posible. 	<ul style="list-style-type: none"> Realización da marcada. 	<ul style="list-style-type: none"> Marcada. 	<ul style="list-style-type: none"> Papel, pesos, alfinetes, tecido e útiles de corte. 	<ul style="list-style-type: none"> TO.1 - sobre o tecido a empregar no prototipo 	8,0
Confección do prototipo - Aplicaranse as técnicas de confección, seguindo a lista de fases, para a consecución do prototipo.	<ul style="list-style-type: none"> Explicación das características xerais do proceso de confección e de acabado. 	<ul style="list-style-type: none"> Ensamblaxe das distintas pezas para a obtención do prototipo. 	<ul style="list-style-type: none"> Prototipo. 	<ul style="list-style-type: none"> Máquinas e utensilios de confección. 	<ul style="list-style-type: none"> TO.2 - sobre a confección do prototipo 	20,0
Avaliación do prototipo - Revisarase que non haxa defectos derivados da confección do prototipo.	<ul style="list-style-type: none"> Entrega da ficha de probas. Explicación de como cubrila. Coordinación e supervisión das probas. 	<ul style="list-style-type: none"> Proba da glasilla do patrón tipo, identificación dos erros e anotación das correccións na ficha de probas. 	<ul style="list-style-type: none"> Ficha de probas. 	<ul style="list-style-type: none"> Apuntes de composturas, fichas de probas, cinta métrica, alfinetes e utensilios de marcaxe. 	<ul style="list-style-type: none"> TO.3 - sobre o prototipo confeccionado 	8,0
TOTAL						36,0

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Verificación e corrección de prototipos.	36

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Verifica o control de calidade dos prototipos realizando as probas correspondentes sobre manequín ou modelo.	SI

4.4.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Comprobar que o axuste da peza ao modelo permita os movementos habituais do corpo humano. 1.2 Comprobar as características estéticas e funcionais. 1.3 Identificar as anomalías observadas.	1	Proba do prototipo	14,0
2.1 Relacionáronse os defectos dos prototipos coas súas posibles causas. 2.2 Identificáronse as medidas correctoras que se teñan que aplicar.	2	Axuste do prototipo	14,0
3.1 Formalizouse a ficha técnica de control cos datos obtidos e os aspectos de mellora.	3	Ficha de probas	8,0
TOTAL			36

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA4.1 Comprobase que o axuste da peza ao modelo permita os movementos habituais do corpo humano.	• LC.1 - sobre a proba da peza no/a modelo	N	10
CA4.2 Comprobáronse as características estéticas e funcionais.	• TO.1 - sobre a proba da peza no/a modelo	S	20
CA4.3 Identificáronse as anomalías observadas.	• TO.2 - sobre a proba da peza no/a modelo	S	25
CA4.4 Relacionáronse os defectos dos prototipos coas súas posibles causas.	• TO.3 - sobre a peza probada e os patróns	S	25
CA4.5 Identificáronse as medidas correctoras que se teñan que aplicar.	• TO.4 - sobre a peza probada e os patróns	N	10

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA4.6 Formalizouse a ficha técnica de control cos datos obtidos e os aspectos de mellora.	<ul style="list-style-type: none"> • TO.5 - sobre a ficha técnica de control de probas 	N	10
TOTAL			100

4.4.e) Contidos

Contidos
<p>Análise estético-anatómico.</p> <p>Realizouse o análise estático sobre manequín ou modelo</p> <p>Análise funcional: adecuación ao uso e confortabilidade.</p> <p>Defectos nos prototipos e as súas posibles causas.</p> <p>Procedementos de axuste: verificación dos prototipos en función dos talles.</p> <p>Identificación e rexistro de anomalías: propostas de mellora para o modelo.</p> <p>Ficha técnica de control cos datos obtidos e os aspectos de mellora.</p> <p>Presentación de resultados: interpretación fiel do artigo e validación do patrón para executar a fabricación.</p> <p>Rexistro de documentos.</p> <p>Probas de prototipos.</p> <p>Axuste da peza ao modelo: probas sobre manequín ou sobre modelo. Control de medidas.</p> <p>Adecuación dos axustes: uso, funcionalidade, criterio estético, estabilidade dimensional e aparencia exterior.</p> <p>Criterios: determinación de axustes e adaptacións, rectificacións e marcas, e rexistro cambios.</p>

4.4.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Proba do prototipo - Probarase o prototipo na persoa para a que foi confeccionado e observarase se presenta algunha/s anomalía/s	<ul style="list-style-type: none"> Supervisión da proba e comprobación das características estéticas e funcionais da glasilla. 	<ul style="list-style-type: none"> Identificar e marcar as anomalías do prototipo. 	<ul style="list-style-type: none"> Prototipo confeccionado no que se sinalen as anomalías observadas. 	<ul style="list-style-type: none"> Útiles de marcaxe e alfinetes. 	<ul style="list-style-type: none"> LC.1 - sobre a proba da peza no/a modelo TO.1 - sobre a proba da peza no/a modelo TO.2 - sobre a proba da peza no/a modelo 	14,0
Axuste do prototipo - Analizaranse as posibles causas dos defectos do prototipo e as medidas correctoras a aplicar.	<ul style="list-style-type: none"> Explicación das anomalías máis comúns e cómo solventalas. Supervisión da proba e recomendación de melloras para o modelo. 	<ul style="list-style-type: none"> Identificación das anomalías que presenta o prototipo e determinación dos axustes e adaptacións necesarias. 	<ul style="list-style-type: none"> Prototipo. 	<ul style="list-style-type: none"> Apuntes de composturas, alfinetes e utensilios de marcaxe. 	<ul style="list-style-type: none"> TO.3 - sobre a peza probada e os patróns TO.4 - sobre a peza probada e os patróns 	14,0
Ficha de probas - Cubrirase a ficha de probas cos datos obtidos da proba.	<ul style="list-style-type: none"> Entrega da ficha de probas. 	<ul style="list-style-type: none"> Cubrir a ficha de probas e validación do prototipo. 	<ul style="list-style-type: none"> Ficha de probas. 	<ul style="list-style-type: none"> Ficha de probas. 	<ul style="list-style-type: none"> TO.5 - sobre a ficha técnica de control de probas 	8,0
TOTAL						36,0

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Control de calidade do prototipo.	24

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Define criterios e procedementos para avaliar prototipos elaborando fichas técnicas de control calidade.	SI

4.5.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Realizar fichas de control para a valoración dos prototipos.	1	Realización das fichas de control de calidade	10,0
1.2 Seleccionar parámetros e criterios para a valoración dos prototipos.			
1.3 Definir os equipamentos e os instrumentos de control.			
2.1 Identificar as desviacións e os defectos no proceso de elaboración dos prototipos.	2	Identificación de fallos e taras	7,0
3.1 Determinar medidas correctoras.	3	Medias correctoras	7,0
TOTAL			24

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA3.1 Realizáronse fichas de control para a valoración dos prototipos.	• LC.1 - sobre as fichas de control	S	35
CA3.2 Seleccionáronse parámetros e criterios para a valoración dos prototipos.	• LC.2 - sobre as fichas de control	N	10
CA3.3 Definíronse os equipamentos e os instrumentos de control.	• LC.3 - sobre as fichas de control	N	10
CA3.4 Identificáronse as desviacións e os defectos no proceso de elaboración dos prototipos.			0
CA3.4.1 Realizouse unha ficha técnica detallada dos defectos a corrixir.	• LC.4 - sobre o prototipo acabado	S	10
CA3.5 Determináronse medidas correctoras.	• TO.1 - sobre o prototipo acabado	S	35
TOTAL			100

4.5.e) Contidos

Contidos
Fichas técnicas de control de calidade.
Identificación das desviacións e dos defectos no proceso de elaboración dos prototipos, e determinación de medidas correctoras.
Parámetros para a valoración dos prototipos e comprobación de que o axuste da peza ao modelo permita movementos habituais do corpo humano.
Características estéticas e funcionais que se poidan cuantificar: por atributos e por variables.
Mediadas correctoras: táboas de medidas, patróns e materiais.
Equipamentos e instrumentos de control.
Comprobación do axuste do patrón do modelo: adecuación do material aos axustes do patrón e adecuación de tallaxe.
Táboas de control de calidade dos parámetros do modelo.
Validación do prototipo: patrón do modelo.

4.5.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
	Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	
Realización das fichas de control de calidade - Realizarase unha ficha de control de calidade donde se representaran todos os parámetros e criterios a ter en conta para realizar o mesmo, ademais dos equipamentos e instrumentos necesarios.	<ul style="list-style-type: none"> Explicación dos parámetros para a valoración dos prototipos e presentación das fichas técnicas de control de calidade. 	<ul style="list-style-type: none"> Facer e cubrir as fichas técnicas de control de calidade. 	<ul style="list-style-type: none"> Fichas de control de calidade. 	<ul style="list-style-type: none"> Equipamentos e instrumentos de control, ordenadores, útiles de escritura e debuxo. 	<ul style="list-style-type: none"> LC.1 - sobre as fichas de control LC.2 - sobre as fichas de control LC.3 - sobre as fichas de control 	10,0
Identificación de fallos e taras - Cubrirase a ficha realizada na actividade anterior coas desviacións e defectos detectados.	<ul style="list-style-type: none"> Explicación dos diferentes grados de importancia das taras segundo donde se atopan dentro da prenda. 	<ul style="list-style-type: none"> Identificación e anotación das desviacións e dos defectos no proceso de elaboración do prototipo dun/ha compañeiro/a. 	<ul style="list-style-type: none"> Ficha de control de calidade. 	<ul style="list-style-type: none"> Equipamentos e instrumentos de control, ordenadores, útiles de escritura e debuxo. 	<ul style="list-style-type: none"> LC.4 - sobre o prototipo acabado 	7,0
Medias correctoras - Aplicanse as medidas necesarias para solventar as desviacións e						7,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
defectos detectados na actividade anterior.	<ul style="list-style-type: none"> Explicación das posibles medidas correctoras a levar a cabo segundo a tara identificada. 	<ul style="list-style-type: none"> Levar a cabo as medidas correctoras suxeridas polo profesor. 	<ul style="list-style-type: none"> Prototipo con Ok de produción. 	<ul style="list-style-type: none"> Útiles de costura e útiles de debuxo. 	<ul style="list-style-type: none"> TO.1 - sobre o prototipo acabado 	
TOTAL						24,0

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

MÍNIMOS EXIXIBLES para alcanzar a avaliación positiva segundo os criterios de avaliación que se sinalan a continuación:

- CA1.1. Analizouse o deseño técnico da peza ou do artigo.
- CA1.2. Identificáronse os materiais para a elaboración dos prototipos.
- CA1.3. Realizouse a listaxe de fases das operacións para a elaboración dos prototipos utilizando fichas técnicas.

- CA2.1. Verificáronse os estudos do corte.
- CA2.6. Listáronse as correccións dos prototipos para a súa rectificación nos patróns correspondentes.
- CA2.7. Obtívose o patrón tipo atendendo ás liñas marcadas no deseño.

- CA2.2. Obtívose o prototipo coas técnicas e operacións especificadas: puntadas e costuras de ensamblaxe, complementos e fornituras.
- CA2.3. Características xerais do proceso de confección.
- CA2.5. Identificáronse os defectos de elaboración dos prototipos.

- CA3.1. Realizáronse fichas de control para a valoración dos prototipos.
- CA3.4. Identificáronse as desviacións e os defectos no proceso de elaboración dos prototipos.
- CA3.5. Determináronse medidas correctoras.

- CA4.1. Comprobase que o axuste da peza ao modelo permita os movementos habituais do corpo humano.
- CA4.4. Relacionáronse os defectos dos prototipos coas súas posibles causas.
- CA4.6. Formalizouse a ficha técnica de control cos datos obtidos e os aspectos de mellora.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

- Este punto desenvolverase tendo en conta o Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia, no Capítulo XI "A Avaliación" e "Orde do 12 de xullo de 2011, pola que se regula o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de FP inicial".
- A avaliación farase ao longo de todo o proceso formativo do alumnado. Por este motivo, nas modalidades de ensinanza presencial será necesaria a asistencia do alumnado ás actividades programadas para o módulo "Elaboración de prototipos".
- A avaliación é continua polo que a nota final da 2ª aval, antes de realizar a FCT, determinará a nota final do módulo, xa que o nivel de complexidade da 2ª avaliación engloba aprendizaxes anteriores.
- A cualificación dos resultados de aprendizaxe virá dado pola utilización dos instrumentos correspondentes á avaliación, e deberá ser igual ou superior a 5 puntos sobre 10 para considerala superada.
- Os instrumentos de avaliación que se empregarán serán táboas de observación, rúbricas e listas de cotexo, cun peso dun 100% dos criterios mínimos exixibles, avaliados coas entregas de tarefas como: fichas técnicas, trazado e rectificacións dos patróns, marcadas, corte, confección dos prototipos, acabados, calidade dos mesmos, etc).
- A presentación dos prototipos terá que ser na data fixada, de non ser así a avaliación será sobre un máximo de 2 puntos.
- A entrega dos prototipos rematados no tecido definitivo é requisito obrigatorio para superar o módulo, e terá que obter unha nota mínima de 5 sobre 10 puntos.
- Será indispensable a entrega de todas as tarefas propostas pola/o docente no prazo marcado para a súa corrección xa que é requisito obrigatorio para superar o módulo.
- Será valorada a correcta execución dos exercicios individuais, a orde e a limpeza na presentación, así como a boa actitude profesional no desempeño das tarefas e o cumprimento das normas.
- Os criterios de avaliación mínimos exixibles serán avaliados mediante táboas de observación, rúbricas e listas de cotexo.
- Se o/a alumno/a non superase algún traballo, por non entregalo ou non superar os mínimos, terá que facer a recuperación final do traballo trimestral non superado, no mes de xuño.
- Para os efectos de avaliación trimestral a nota que se fará constar na correspondente sesión de avaliación será, no caso, de que se avalien máis dun bloque de contidos a media aritmética entre os distintos bloques, incluído no seu caso os bloques pendentes de trimestres anteriores.
- Para o alumnado que teña o módulo pendente despois de realizada a segunda avaliación parcial, a profesora realizará un informe de avaliación individualizado que servirá de base para o desempeño das correspondentes actividades de recuperación.
- A cualificación definitiva de este módulo farase efectiva na avaliación final. Non obstante, se o alumno/a tiña o módulo xa superado a cualificación final coincidirá coa obtida na segunda avaliación parcial.
- A cualificación da avaliación final calcularase como a medida ponderada das cualificacións obtidas en cada unha das UD, é dicir; atendendo ao peso de cada UD, sempre que as cualificacións de cada unha delas superase os 5 puntos sobre 10. Considerarase superado o módulo cando se obteña unha puntuación superior aos 5 puntos na avaliación final.

NOTAS PUBLICADAS NOS BOLETÍNS:

- Na 1ª avaliación a nota obtida é parcial.
- Na 2ª avaliación a nota obtida é a final.

Neste enlace está a táboa cos porcentaxes do módulo segundo as UD:

file:///C:/Users/usuario/Desktop/FP%20CURSO%202023_2024/2%C2%BA%20PAMO%20AT%C3%81BOA%20UD%20PROGRAMACI%C3%93N/T%C3%81BOA%20UD%20PROGRAMACI%C3%93N%20PROTOTIPOS.pdf

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Segundo a ORDE do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial:

ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN:

- ALUMNADO QUE SUSPENDE ALGUNHA AVALIACIÓN:

As actividades de recuperación serán deseñadas tendo en conta os mínimos exixibles non alcanzados polo alumnado durante esa avaliación, para darlle así a opción de reforzar os coñecementos adquiridos ata ese momento e por conseguinte ter máis posibilidades de superalos. Estas actividades serán avaliadas polo profesorado responsable do módulo e terán que ter igual ou máis de 5 puntos sobre 10 para dalas por aprobadas.

- ALUMNADO DE 2º CURSO QUE SUSPENDEN O MÓDULO NA AVALIACIÓN PARCIAL PREVIA Á FCT:

Terán unha recuperación da avaliación suspensa antes de ir a realizar a FCT (sen informe individualizado). Entre a 2ª avaliación parcial e a avaliación final de módulos haberá un período, non superior a dúas semanas, que se destinará á realización de actividades de recuperación dos módulos pendentes. Para o alumnado que teña módulos pendentes logo de realizada a 2ª avaliación parcial, o profesorado responsable realizará un informe de avaliación individualizado que servirá de base para o deseño das correspondentes actividades de recuperación.

- ALUMNADO CO MÓDULO PENDENTE NA AVALIACIÓN FINAL:

O profesorado responsable do módulo realizará un informe individualizado para o alumnado que non pode acceder á FCT.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Segundo a ORDE do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial:

PROCEDEMENTO PARA DEFINIR A PROBA DE AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA PARA O ALUMNADO CON PERDA DE DEREITO A AVALIACIÓN CONTINUA:

CAPÍTULO VIII: Avaliación das ensinanzas da formación profesional inicial. Artigo 25. Aspectos xerais do proceso de avaliación.

Punto 5. O alumnado que perdesse o dereito á avaliación continua co cal, por razóns de inasistencia reiterada, non sexa posible utilizar os instrumentos de avaliación previstos inicialmente para cada módulo profesional, terá dereito a realizar unha proba extraordinaria de avaliación previa á avaliación final de módulos correspondente. Constará dunha parte teórica e doutra práctica que recolla polo menos os contidos mínimos exixidos para cada avaliación, recollidos no apartado 5 desta programación. A nota mínima para acadar o aprobado é dun 5 sobre 10 puntos.

PROCEDEMENTO PARA DEFINIR A PROBA DE AVALIACIÓN PARA O ALUMNADO DE 2º CURSO CON MÓDULOS PENDENTES DE 1º:

Constará dunha parte teórica e dunha parte práctica que recolla polo menos os contidos mínimos exixibles para cada avaliación, recollidos no apartado 5 desta programación.

O alumnado presentará os traballos prácticos realizados no curso anterior e relacionados co módulo a recuperar. A nota mínima para acadar o aprobado é de 5 sobre 10 puntos.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

PROCEDEMENTO SOBRE O SEGUIMENTO DA PROGRAMACIÓN:

Ao longo do curso, nas reunións do equipo docente, un punto a tratar será o seguimento das programacións, xa que é importante verificar o cumprimento dos obxectivos marcados na programación didáctica a través do seguimento semanal, quincenal ou mensual na plataforma. Neste seguimento indicarase o grao de consecución e as propostas de mellora. Os principais indicadores do grao do cumprimento da programación serán:

- O grao de cumprimento da temporalización.
- O logro dos obxectivos programados.
- Os resultados académicos acadados.

AVALIACIÓN DA PROPIA PRÁCTICA DOCENTE:

A práctica docente será avaliada periodicamente pasando enquisas ao alumnado, que serán facilitadas para tal fin polo departamento de calidade do centro ou pola propia docente.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

AVALIACIÓN INICIAL:

- Tal e como se establece na lexislación vixente, ORDE do 12 de xullo de 2011, pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial, no seu artigo 28: "Ao comezo das actividades do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa do alumnado, así como as súas capacidades".

O Decreto 229/2011, do 7 de decembro (DOG 21) hai medidas que non son de aplicación na FP.

- O 1º día de clase fai a profesora unha autopresentación e despois faina o alumnado.
- A titora entrevístase coa orientadora do CIFP para coñecer se hai algún caso de dificultades de aprendizaxe ou de minusvalía.
- A titora do grupo pasará, o día da presentación, un cuestionario de avaliación inicial (sobre coñecementos previos, intereses e motivacións do alumnado), cos datos de información da matrícula.
- O fin das entrevistas persoais e do cuestionario é servir para orientar e situar ao alumnado en relación co perfil profesional correspondente, detectar as dificultades de aprendizaxe que poidan presentar, o coñecemento do Ciclo que van a estudar e dos módulos que o comprenden e así constatar os coñecementos previos do alumnado para poder avaliar posteriormente a súa progresión.
- A sesión de avaliación inicial realizarase cara finais de outubro de 2022. Participará na reunión todo o equipo docente do grupo e a orientadora do Centro.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

MEDIDAS DE REFORZO:

- Segundo a ORDE do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial. Capítulo VI "Alumnado con necesidades educativas especiais". Artigo 15. "Ámbito e flexibilización modular de ciclos formativos". Dacordo co artigo 61 do Decreto 114/2010, do 1 de xullo, o alumnado con necesidades educativas especiais, consonte o establecido no artigo 73 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, poderá ser autorizado, cando as necesidades de apoio específico así o xustifiquen, para cursar os ciclos formativos en réxime ordinario de xeito fragmentado por módulos, cunha temporalización distinta á establecida con carácter xeral.

- O alumnado que amose necesidades de reforzo educativo, reiteraráselle os contidos con explicacións máis sinxelas, ampliando o nivel de axuda documental e de asesoramento.
- En canto ao alumnado que presente altas capacidades, programaranse actividades de ampliación seguindo sempre as pautas marcadas no currículo. Se calquera dos alumnos ou alumnas que están a cursar un módulo, non responde globalmente aos obxectivos programados, proporanse para cada un deles e de xeito individualizado as seguintes actuacións, xunto con outras posibles no marco de acordos do equipo docente, logo da detección de casos e situacións concretas.

ADAPTACIÓNS:

1. Aplicar o establecido no apartado de contidos mínimos.
2. Reforzar con explicacións máis sinxelas, ampliando o nivel de axuda documental e de asesoramento ao alumnado, máis sempre no contexto dos mínimos de cada capacidade terminal.

3. Tomar como referencia os aspectos máis esenciais do perfil profesional característico do título. Asemade reforzarase a realización de traballos que comprendan o máis esencial dos criterios de avaliación de cada unidade a modo de contidos mínimos.
 4. Adaptar as actividades de ensinanza-aprendizaxe, exixindo un nivel de concreción inferior e con menos variables. Darase a oportunidade á realización de actividades extra para compensar as carencias que son detectadas. Desta maneira, favorecerase a autoestima do alumnado e valorarase o esforzo que realiza para mellorar o seu rendemento. Todo isto, cara a realizar as oportunas modificacións nas programacións, sobre todo no ámbito da aula, para conseguir unha plena integración de todo o alumnado na dinámica da materia e un desenvolvemento correcto das súas capacidades.
 5. Para levar a cabo calquera tipo de reforzo ou adaptación (sempre en colaboración coa titora e coa orientadora) deberanse revisar algúns elementos básicos da programación: as capacidades terminais e os contidos mínimos e o desenvolvemento dos máis importantes en cada caso. Establecemento de obxectivos ou contidos alternativos e /ou complementarios. Modificación, ampliación ou eliminación de obxectivos ou contidos. Variacións na secuencia de contidos (temporalización).
 6. A metodoloxía: técnicas de traballo cooperativo, actividades en pequeno grupo con dificultade gradual, actividades de reforzo, poden ser alternativas, reforzo positivo, valorar as capacidades da/o alumna/o para tratar de mellorar a súa autoestima.
 7. A avaliación: modificacións en instrumentos ou en procedementos avaliativos.
- No caso de que haxa alumnado que destaque por encima da media do grupo ou teña altas capacidades, reforzarase o seu avance con actividades de maior complexidade para non frear a súa motivación.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

EDUCACIÓN EN VALORES: mentres se imparte a materia deste módulo farase fincapé na educación en valores, de maneira que esta non se limite ao ensino e á aprendizaxe de coñecementos e habilidades, senón que o faga a través de metas relacionadas co ámbito moral e o civismo, co obxectivo final de formar cidadáns responsables. É importante sinalar que ao longo do módulo se traballará coa educación en valores non só a través do traballo, con actitudes recollidas no currículo do módulo, senón a través de distintos contidos inherentes ao noso traballo de aula/taller/obradoiro; incluimos tamén os recollidos no PAT e para este módulo podemos destacar:

EDUCACIÓN PARA A IGUALDADE: estará sempre presente, xa que en ningún momento se fará diferenza entre o noso alumnado por causa do seu sexo, raza, crenzas ou outra característica de diferenciación entre as persoas.

EDUCACIÓN AMBIENTAL: é fundamental fomentar o respecto ao medio ambiente e mesmo fomentar o correcto emprego dos medios de que se dispón sen desperdiciar papel, consumo de auga, electricidade, etc, e insistir na reciclaxe e na conservación.

EDUCACIÓN PARA A SAÚDE: é importante adquirir bos hábitos posturais no traballo, así como uns adecuados hábitos de saúde e limpeza ou unha adecuada hixiene ocular ou visual nun sistema educativo e laboral onde os ordenadores toman cada día un papel máis importante, sen esquecer que a nivel profesional (tendo en conta nas situacións en que exercerán o seu traballo) deben ter en conta a súa saúde persoal e a do usuario como elementos cotiás do seu emprego.

EDUCACIÓN PARA A CONVIVENCIA: procurarase a resolución de conflitos fomentando o diálogo baseado no respecto, e procurando atopar solucións de consenso de xeito democrático. Por exemplo: achegas de propostas ou ideas á hora de fixar condicións de entrega de traballos, datas de exames, etc.

EDUCACIÓN DO CONSUMIDOR: fomentando entre os alumnos un consumo responsable, tanto dos seus propios materiais como os do centro e o ciclo (aula, material informático, talleres, etc).

INTERCULTURALIDADE: traballando dende o principio o respecto ás distintas culturas e xeitos de entender o mundo, entendendo isto como un enriquecemento; sinalar a este respecto a cada vez máis frecuente presenza nas nosas aulas de alumnado doutras culturas que nos axudan a interpretar que non todas as realidades son iguais.

ORIENTACIÓN PROFESIONAL: consideraremos tamén de xeito transversal e como valor importante na Formación Profesional, a orientación profesional, polo carácter teórico-práctico que posúe o módulo e o ciclo, impregnando de funcionalidade cada unha das actividades que realicemos e contextualizandoas, sempre que sexa posible, no noso contorno socioeconómico.

PATRIMONIO CULTURAL DE GALICIA: posta en valor do patrimonio, atendendo aos obxectivos anuais que desenvolve o Plan funcional e estratéxico do Centro para potenciar a conservación do patrimonio cultural e facilitar a relación do alumnado cos seus maiores para que poidan empaparse do universo cultural que atesouran e así contribuír á conservación de tradicións, técnicas, usos, costumes e saberes. Situar o galego como instrumento básico de difusión da cultura de Galicia e da cultura universal en todos os niveis e áreas educativas e facilitar a plena integración lingüística do alumnado procedente de fóra de Galicia.

FOMENTO DO PLURILINGÜISMO:

Atendendo aos obxectivos anuais que desenvolve o Plan funcional e Estratéxico do Centro, inténtase incrementar as competencias do alumnado en línguas estranxeiras.

IGUALDADE DE XÉNERO: orientaranse as actividades de ensino e aprendizaxe dende unha perspectiva integral e de xénero, que contribúa a previr todo tipo de situacións de violencia e de xénero.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS Á FORMACIÓN (ACF):

- Conferencias e charlas especializadas.
- Pasarela Debut 23 no Palacio de Congresos e Exposicións de Pontevedra.
- Exposición de fotografía de Helmut Newton do muelle de Bateria organizada por Marta Ortega.
- Exposición "Walk this way" da colección privada de calzado histórico de Stuart Weitzman, na Fundación Barrié.
- Outras actividades dentro ou fóra do centro como resultado da colaboración deste con outras institucións ou organismos en actos de carácter benéfico.
- Actividades que xurdan fóra do centro durante o curso e que o Departamento Têxtil considere oportunas.
- Visitas a distintas empresas do sector têxtil, feiras e exposicións, que poidan aportar cousas interesantes ao alumnado na súa futura vida profesional.

10. Outros apartados

10.1) Metodoloxía

METODOLOXÍA DE TRABALLO EMPREGADA:

- A metodoloxía será maioritariamente activa e en ocasións o alumnado investigará pola súa conta para fomentar a súa autonomía. A profesora estará continuamente revisando polas mesas o traballo que están realizando e tamén a través da aula virtual.

- A temporalización das unidades didácticas poderá sufrir variacións dependendo do nivel e avance do grupo.

Realizaranse dúas avaliacións, a 1ª e a 2ª (e final), xa que en marzo acceden ás FCT.

- O módulo será avaliado nun 100% de traballos e actividades de aula segundo a elaboración de diferentes prototipos.

PLATAFORMAS QUE SE EMPREGARÁN:

- Segundo as instrucións da Consellería de Educación, traballárase coa Aula Virtual do Centro, moodle, onde se colgarán as Unidades Didácticas co material pertinente de cada unha delas e coas actividades que o alumnado deberá realizar para alcanzar os mínimos exixibles.

- Empregaranse carpetas compartidas, individuais, no Google Drive, para facer o seguimento do traballo do alumnado das FCT. Nestas carpetas daranse indicacións das actividades a realizar, aclararanse as dúbidas que lles xurdan, poranse as datas de entrega dos traballos, e a profesora porá anotacións para que o alumnado realice as correccións necesarias (o alumnado non poderá eliminar estas notas de xeito que quede constancia do traballo realizado no módulo). Unha vez rectificada a actividade o alumnado deberá subila ás carpetas propias da tarefa na Aula Virtual.

- O módulo será avaliado nun 100% segundo os prototipos entregados.

10.2) Bibliografía

BIBLIOGRAFÍA que poderá ser ampliada durante o curso:

"Patronaje Industrial en Textil y Piel" de M^a Rosario Lorenzo.

"Fundamentos del Patronaje creativo" de Pat Parish.

"Libro Camps Costura 3 Patronaje" de Camps.